

NORMATIVA DE RECOÑECIMENTO E TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS PARA TITULACIÓNS ADAPTADAS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES) MEDIANTE A QUE SE DESENVOLVE O RD 1393/2007, DO 29 DE OUTUBRO, MODIFICADO POLO RD 861/2010, DO 2 DE XULLO, POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN DAS ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS

Aprobada por Consello de Goberno do 30/06/2011

Modificada por RR 25/05/2012

Modificada por RD 43/2015 (02/02/2015)

(Texto consolidado)

Preámbulo

A Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE 13 de abril) dálle nova redacción ao artigo 36 da LOU, para pasar a titularse *Validación ou adaptación de estudos, validación de experiencia, equivalencia de títulos e homologación de títulos estranxeiros*. Na nova configuración da LOU séguese mantendo a existencia de criterios a que se deben axustar as universidades, pero neste caso estes criterios van ser fixados polo Goberno, a diferenza do sistema actual, en que a competencia lle corresponde ao Consello de Coordinación Universitaria.

A LOU introduce tamén como importante novidade a posibilidade de validar, para efectos académicos, a experiencia laboral ou profesional, seguindo os criterios e as recomendacións das declaracións europeas para 'dar adecuada resposta ás necesidades de formación ao longo de toda a vida e abrirse a quen, a calquera idade, desexen acceder á súa oferta cultural ou educativa', como sinala a súa exposición de motivos.

En desenvolvemento da LOU no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo RD 861/2010, do 2 de xullo, aparece un novo sistema denominado recoñecemento e transferencia de créditos. Este Real decreto na súa introdución e no artigo 6, no artigo 12.8, no artigo 13 e na disposición adicional cuarta desenvolve estes conceptos. Así mesmo di que, co obxecto de facer efectiva a mobilidade dos estudantes, as universidades elaborarán e publicarán a súa normativa de recoñecemento e transferencia de créditos, con suxeición aos criterios xerais do devandito Real decreto.

Na memoria para solicitar a verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) deberá constar o sistema existente na Universidade da Coruña (UDC) de transferencia e recoñecemento de créditos.

Por todo o anterior, é necesario regular o procedemento que se debe seguir na UDC.

A definición do modelo de recoñecemento non só é de importancia capital para os alumnos que desexan acceder a cada titulación, senón que ten as súas raíces na propia definición da titulación, que debe ter en conta os posibles accesos desde outras titulacións tanto españolas como estranxeiras.

A proposta de regulación ten as seguintes bases:

- Un sistema de recoñecemento baseado en créditos (non en disciplinas) e na acreditación de competencias.
- A posibilidade de establecer, con carácter previo á solicitude dos alumnos, táboas de recoñecemento globais entre titulacións, que permitan unha rápida resolución

das peticións sen necesidade de informes técnicos para cada solicitude e disciplinas.

- A posibilidade de especificar estudos estranxeiros susceptibles de obter recoñecemento, toda vez que se acceda aos estudos de grao, mestrado ou doutoramento.
- A posibilidade de recoñecer outros estudos e competencias profesionais acreditadas.

Artigo 1: recoñecemento e transferencia de créditos

A unidade de recoñecemento e de transferencia serán os créditos, que integran disciplinas, materias ou módulos completos. No expediente do alumno figurarán como créditos recoñecidos ou transferidos. Os créditos recoñecidos teranse en conta para os efectos de considerar realizados os créditos da titulación.

O recoñecemento de créditos supón a aceptación pola UDC dos créditos que, de ser obtidos en ensinanzas oficiais, na UDC ou noutra universidade, son computados noutras ensinanzas distintas para os efectos da obtención dun título oficial. Así mesmo, poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos cursados noutras ensinanzas superiores oficiais ou en ensinanzas universitarias conducentes á obtención doutros títulos a que se refire o artigo 34.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

A experiencia laboral e profesional acreditada poderá tamén ser recoñecida en forma de créditos que computarán para os efectos da obtención dun título oficial, sempre que esta experiencia estea relacionada coas competencias inherentes ao referido título.

En todo caso non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes aos traballos de fin de grao e mestrado.

O número de créditos que sexan obxecto de recoñecemento a partir de experiencia profesional ou laboral e de ensinanzas universitarias non oficiais non poderá ser superior, no seu conxunto, ao 15 por cento do total de créditos que constitúen o plan de estudos. O recoñecemento destes créditos non incorporará a súa cualificación polo que non computarán para os efectos de baremación do expediente.

Non obstante o anterior, os créditos procedentes de títulos propios poderán, excepcionalmente, ser obxecto de recoñecemento nunha porcentaxe superior á sinalada no parágrafo anterior ou, se é o caso, ser obxecto de recoñecementos na súa totalidade sempre que o correspondente título propio se extingue e fose substituído por un título oficial.

Para estes efectos, a memoria de verificación do novo plan de estudos cumprirá os requisitos que están establecidos nos apartados 4 e 5 do artigo 6 do RD 1393/2007, modificado polo RD 861/2010, do 2 de xullo.

A transferencia de créditos supón que, nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante, se incluíra a totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas con anterioridade, na UDC ou noutra universidade e que non conduciran á obtención dun título oficial.

Todos os créditos que obteña o estudante en ensinanzas oficiais cursadas en calquera universidade: os que supere para a obtención do correspondente título, os recoñecidos e os transferidos, serán incluídos no seu expediente académico e reflectidos no Suplemento Europeo ao Título.

Artigo 2: criterios de recoñecemento de créditos

Os criterios xerais de recoñecemento de créditos son aqueles que fixe o Goberno. A UDC, mediante esta normativa e as resolucións reitorais que a desenvolvan, establecerá o sistema para o recoñecemento destes créditos. As titulacións poderán propoñer criterios específicos adecuados a cada titulación que serán aprobados por resolución reitoral. En todo caso deberán respectarse as seguintes regras básicas para as ensinanzas de grao:

- a) Sempre que a titulación a que se pretende acceder pertenza á mesma rama de coñecemento serán obxecto de recoñecemento, polo menos, o 15 por cento da totalidade dos créditos do título correspondentes ás materias de formación básica da devandita rama.
- b) Serán tamén obxecto de recoñecemento os créditos obtidos naquelas outras materias de formación básica pertencentes á rama de coñecemento do título a que se pretende acceder.
- c) O resto dos créditos: os cursados noutras ensinanzas superiores oficiais ou en ensinanzas universitarias conducentes á obtención doutros títulos, a que se refire o artigo 34.1 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, poderán ser recoñecidos pola UDC tendo en conta a adecuación entre as competencias e os coñecementos adquiridos, ben noutras materias ou ensinanzas cursadas polo estudante ou ben asociados a unha experiencia profesional previa e os previstos no plan de estudos ou que teñan carácter transversal.
- d) O recoñecemento de créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, a que fai mención o artigo 12.8 do Real decreto 1393/2007 seguirá o procedemento establecido polo acordo do Consello de Goberno do 13 de novembro de 2008.

Artigo 3: sistema e procedemento para o recoñecemento e a transferencia de créditos

- 3.1. Para determinar o recoñecemento de créditos correspondentes a materias non recollidas nos apartados a) e b) do artigo 2 teranse en conta os estudos cursados, a experiencia laboral e profesional acreditada e a súa correspondencia cos obxectivos e competencias que establece o plan de estudos para cada módulo, materia ou disciplina. A universidade dará validez, mediante o acto de recoñecemento, a que o alumno ten acreditadas competencias da titulación e o cumprimento de parte dos obxectivos desta nos termos definidos no EEES.
- 3.2. Para estes efectos, cada centro establecerá táboas de equivalencia entre estudos cursados noutras universidades e aqueles que lle poderán ser recoñecidos no plan de estudos da propia universidade. Nestas táboas especificaranse os créditos que se recoñecen e, de ser o caso, as disciplinas, as materias ou os módulos equivalentes. Se o recoñecemento non é total, indicaranse os requisitos necesarios para establecer a súa superación completa.

Igualmente estableceranse táboas de equivalencia entre titulacións correspondentes a ordenacións de ensinanzas anteriores ao Real decreto 1393/2007 e as titulacións correspondentes a esta nova ordenación.

As táboas de equivalencia entre titulacións, que poderán ser aprobadas de forma parcial ou na súa totalidade, segundo o caso, aprobaranse por resolución reitoral por proposta da Xunta de Centro ou comisión en que delegue. Deberase ter en conta que no caso de seren aprobadas de forma parcial poderán seguir sendo desenvolvidas para cada caso concreto; pero calquera modificación deberá ser aprobada por resolución reitoral seguindo o procedemento establecido de forma xeral.

Para o recoñecemento de créditos cursados noutras ensinanzas superiores oficiais, ou en ensinanzas universitarias conducentes á obtención doutros títulos e por unha experiencia laboral ou profesional acreditada, estarase ao que estableza cada memoria verificada de cadanseu plan de estudos ou, se é o caso, ás normas aprobadas pola Comunidade Autónoma ou pola Universidade.

- 3.3. A UDC poderá recoñecer directamente ou mediante convenios, titulacións estranxeiras que dean acceso a titulacións oficiais da UDC ou establecer neses convenios o recoñecemento en parte de estudos estranxeiros. A UDC dará adecuada difusión destes convenios.
- 3.4. Ao alumno comunicaráselle os créditos recoñecidos e as disciplina/s ou materia/s a que correspondan, se é o caso, así como o número de créditos necesarios e as disciplina/s ou materia/s que lle restan para a obtención do título, segundo as competencias acreditadas e segundo os estudos de procedencia do alumnado. Tamén poderá especificarse a necesidade de realizar créditos de formación adicional con carácter previo ao recoñecemento completo de módulos, materias ou disciplinas. Os créditos recoñecidos consignaranse no expediente xunto coa cualificación obtida na orixe.

Esta cualificación de orixe poderá incorporarse a unha disciplina/materia ou disciplinas/materias de destino no expediente do alumno; porén tamén poderá optarse por consignar o termo “recoñecida” naquela materia/s ou disciplina/s nos casos que así corresponda, ben por non existir cualificación de orixe, ben por tratarse dun recoñecemento de créditos asociados a materias ou disciplinas sen relación entre as competencias inherentes a estas, así como noutros casos que quedan a criterio dos órganos competentes na resolución destes procedementos.

Cando se recoñezan créditos correspondentes a varias materias con notas numéricas por créditos correspondentes a unha materia, consignaráselle á materia recoñecida a nota numérica resultante de aplicar a fórmula prevista no apartado 3 do artigo 5 do Real Decreto 1125/2003: “suma dos créditos obtidos polo alumno multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, e dividida polo número de créditos totais obtidos polo alumno”.

- 3.5. O procedemento iniciarase por instancia de parte, salvo o previsto no parágrafo 3.3, no centro en que o alumno vai iniciar ou continuar os estudos en que pretende recoñecer créditos, mediante a presentación dunha instancia, dirixida ao decano/a, director/a do centro, en que figurarán os seus datos persoais, así como os estudos de que procede e aqueles que desexa recoñecer.
- 3.6. Desconcéntrase nos decanos/as, directores/as de centro as seguintes competencias:
 - a) O recoñecemento dos créditos de materias recollidas nos apartados a) e b) do artigo 2 desta normativa ou aqueloutros que consten nas táboas de equivalencia. A solicitude, unha vez revisada pola Administración do centro,

resolverase no prazo establecido na Normativa de xestión académica correspondente a cada curso.

- b) No resto dos casos o decano/a, director/a, tras a revisión da solicitude pola Administración do centro e co informe vinculante da Xunta de Centro (ou da Comisión en que teña delegadas esas competencias), resolverá as solicitudes no prazo establecido na Normativa de xestión académica correspondente a cada curso.

3.7. No que corresponde á transferencia de créditos, todos os créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas na UDC ou noutra universidade do EEES serán obxecto de incorporación ao expediente do alumno, tras a petición deste, mediante a presentación dunha instancia dirixida ao decano/a ou director/a do centro, en que figurarán os seus datos persoais, así como os estudos de que procede e aqueles que desexa transferir. A solicitude de transferencia de créditos resolverase polo mesmo procedemento establecido na letra b) do apartado anterior.

3.8. A instancia a que se refiren os puntos 3.5 e 3.7 virá acompañada da documentación que proceda, segundo os seguintes casos:

Estudos cursados en centros universitarios españois ou noutros centros que impartan ensinanzas superiores oficiais:

Para estudos universitarios:

- Certificación académica oficial, en que consten as materias/disciplinas aprobadas e as cualificacións obtidas en cada unha delas, así como o plan de estudos realizado. Así mesmo deberá figurar o número de créditos correspondente a cada materia/disciplina ou no seu defecto deberá presentarse unha fotocopia do plan de estudos cursado, debidamente asinada e selada polo centro de que proceda o alumno.

Para estudos correspondentes a ensinanzas superiores oficiais:

- Certificación académica oficial, en que consten as materias/disciplinas aprobadas e as cualificacións obtidas en cada unha delas, así como o plan de estudos realizado.

Estudos cursados en centros estranxeiros:

- Certificación acreditativa do nivel e clase de estudos que se pretende recoñecer.
- Así mesmo, deberá figurar o número de créditos correspondente a cada materia/disciplina ou no seu defecto deberá presentarse unha fotocopia do plan de estudos cursado, debidamente asinada e selada polo centro de que proceda o alumno.
- DNI ou pasaporte.
- Todos os documentos deberán ser oficiais, traducidos ao galego ou castelán, expedidos polas autoridades competentes e legalizados por vía diplomática se for o caso (será suficiente con que conste a "Apostila da Haia" naqueles casos pertencentes a países que teñan subscrito o correspondente convenio).

3.9. Contra as resolucións de recoñecemento ou transferencia de créditos previstas nos puntos anteriores poderase interpoñer un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes, que contará a partir de que se efectúe a súa notificación, quen

resolverá tras o informe da Comisión de Plan de Estudos delegada do Consello de Goberno da UDC, que terá carácter vinculante.

Experiencia laboral ou profesional acreditada:

- Deberá estar relacionada coas competencias inherentes a cada título. Acreditarase conforme ao procedemento previsto en cada memoria verificada correspondente a cada plan de estudos e mediante a entrega da documentación que se requira.

Artigo 4: recoñecemento doutros estudos

- 4.1. O procedemento e os criterios para o recoñecemento parcial de estudos correspondentes a ordenacións académicas anteriores á establecida no Real decreto 1393/2007 (diplomado, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalentes) en titulacións adaptadas ao EEES seguirán o que establece esta normativa.

Artigo 5: Prezos por servizos académicos

Polo recoñecemento de créditos de estudos realizados aboaranse, se for o caso, os prezos que para cada curso académico sexan fixados polo correspondente Decreto da Xunta de Galicia. Os prezos faranse efectivos nos centros en que o alumno vaia iniciar ou continuar os estudos segundo o procedemento vixente en materia de pagamento de prezos por servizos académicos universitarios, no prazo máximo de dez días que contan a partir da recepción da notificación da correspondente resolución.

Disposición adicional

Facúltase o reitor ou o vicerreitor/a en quen delegue para o desenvolvemento desta normativa.

Disposición transitoria

A validación de estudos e a adaptación de plans estudos para titulacións non adaptadas ao EEES seguirán rexéndose pola normativa destes estudos.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior (EESS) aprobada polo Consello de Goberno da UDC na súa sesión do 22 de maio de 2008.

Disposición final

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.